



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 20.02.2025**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 20.02.2025

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Bravo Bosch, María José

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

Crespo Tobío, Silvia

López Fernández, Yolanda

Ortiz Álvarez, Ana María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

DESCULPAN ASISTENCIA

Blanco Gómez, César



O xoves, día 20 de febreiro de 2025, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.07.2024).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Aprobación, se procede, da distribución de axudas a Prácticums, convocadas polo Consello Social para 2025.
- 4.** Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización do "VI Seminario Internacional sobre Democracia, Cidadanía e Estado de Dereito".
- 5.** Acordo que proceda sobre a colaboración do Consello Social no patrocinio do "Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia – CoDi", no campus de Ourense.
- 6.** Aprobación, se procede, da dotación económica que corresponda para a organización da V edición dos Premios Consello Social UVigo_Humana.
- 7.** Acordo que proceda sobre a petición de apoio solicitada pola Escola de Enxeñaría Industrial para promover actividades en colexios e institutos coa Competición de Robots.
- 8.** Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para a organización dun seminario sobre a Lei Orgánica de Amnistía, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do campus de Vigo.
- 9.** Acordo que proceda sobre o apoio solicitado polo Instituto de Estudos Vigueses para desenvolver un ciclo de conferencias en 2025.
- 10.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende o Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, para un congreso de expertos sobre multilingüismo.
- 11.** Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para fomentar e mellorar a formación en Matemáticas na última etapa de Primaria e primeiros cursos de Educación Secundaria.
- 12.** Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para elaborar un estudo socio-lingüístico sobre o portugués arraiano falado en España, a cargo dun equipo investigador da UVigo.
- 13.** Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", organizado por CINBIO para fomentar vocacións en Secundaria e Bacharelato e amosar traballos de investigación á sociedade.
- 14.** Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para organizar a Feira EMPREGO in CAMPUS que relaciona a empresas e estudantes de Galicia e o norte de Portugal.
- 15.** Proposta de renovación do servizo externo para o mantemento informático e actualización continua dos contidos escritos e gráficos da web do Consello Social.
- 16.** Informe sobre o Regulamento e a posta en marcha da Canle interna de información e de denuncia da UVigo. (Plan de medidas antifraude).
- 17.** Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia das presentes á "primeira" reunión do ano, e reitera o elevado índice de cumprimento dos membros da comisión.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.07.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa expón a situación de parálise na que se encontra o Observatorio de Egresados, coas actividades suspendidas por atrancos insalvables na tramitación administrativa dos pagos que se efectúan dende o Consello Social. O presidente cualifica de inexplicable e inxustificable a problemática que se está a dar cos servizos económicos da universidade, e a falta de solución e alternativas que ameazan coa desaparición dun servizo de estudos pioneiro e de comprobada utilidade para coñecer e orientar a actividade académica da institución. Engade que se seguirá a traballar para atopar unha saída que dende o Consello Social se está a buscar dende hai xa varios meses con reunións frecuentes, sen que polo momento se conseguira atopar a fórmula que permita pagar os traballos feitos durante 2024.

A secretaria xeral da UVigo amosa o seu compromiso para axudar a resolver os atrancos dos servizos económicos, e a disposición a intensificar as xestións para acadar acordos que permitan restablecer o traballo do Observatorio, que cualifica como "necesario" para a institución, actitude que agradece o presidente e secundan os presentes.

Ernesto Pedrosa propón a elaboración dun estudo para coñecer as necesidades de aloxamento para estudantes nos campus da UVigo, elaborar un paquete de medidas para incrementar a oferta actual e as ferramentas de apoio para crear un mercado suficiente e accesible para o estudantado, que ao mesmo tempo facilite a acollida de estudantado internacional. Os asistentes conveñen sobre a importancia da iniciativa. Presentarase unha proposta na próxima reunión.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, da distribución de axudas a Prácticums, convocadas polo Consello Social para 2025.

Informa o secretario que se presentaron 12 peticións, o mesmo número que coa convocatoria anterior, se ben caen da listaxe a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e a Facultade de Relacións Internacionais, e incorpóranse a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra), e a Facultade de Educación e Traballo Social (Ourense). O importe total das axudas solicitadas descende nesta edición a 51.650 € (fóra de 60.326 € en 2023; e de 52.225 €, en 2024), para unha dispoñibilidade de 30.000 €, consonte as bases. Ponderando os diferentes criterios contidos nas bases da convocatoria, as axudas concedidas sitúanse entre os 1.500 € á Facultade de Historia e os 3.000 € á Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense). Ignacio Rodríguez subliña que por primeira vez todas as solicitudes recibirán un mínimo do 50% sobre o solicitado, e que en 2024 foron case un milleiro os estudantes beneficiados.

- ***A comisión APROBA propoñer ao Pleno a seguinte distribución do Plan de Prácticums:***

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (2.500); Escola de Enxeñaría Industrial (3.000); Facultade de Bioloxía (2.400); Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2.600); Facultade de Ciencias do Mar (2.700); Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (3.100); Facultade de Comercio (1.600); Facultade de Comunicación (2.700); Facultade de Dereito (2.700); Facultade de Educación e Traballo Social (2.500); Facultade de Filoloxía e Tradución (2.700); Facultade de Historia* (1.500).*

**Reciben o 100%.*

- ***Apróbase por asentimento.***



PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a organización do "VI Seminario Internacional sobre Democracia, Cidadanía e Estado de Dereito".

Resume o presidente que se levará a cabo en marzo na Facultade de Dereito de Ourense, para debater as cuestións máis importantes sobre a democracia e a xestión das institucións dende a perspectiva de construír xustiza social e sustentabilidade, compartir experiencias específicas para cada institución e analizar os retos que presenta o dereito ante as crises contextuais e construír redes relacionais entre investigadores. As conferencias son de libre acceso.

- ***Concédesse unha axuda de 1.800 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a colaboración do Consello Social no patrocinio do "Congreso de Divulgación, Transferencia e Impacto Social da Ciencia – CoDi", no campus de Ourense.

Por iniciativa da Vicerreitoría de Comunicación convócase este evento no Campus de Ourense, co obxectivo principal de promover a divulgación científica entre a comunidade académica e a sociedade en xeral. A actividade entra de cheo nas tarefas do Consello Social de favorecer as actividades destinadas a completar a formación do estudantado, e de implicar á sociedade en coñecer os traballos dos investigadores e influír nos asuntos sobre os que investigar. Tamén trata de fomentar que os investigadores transmitan e fagan públicos os seus traballos.

- ***Apróbase unha aportación de 3.000 €.***

PUNTO 6

Aprobación, se procede, da dotación económica que corresponda para a organización da V edición dos Premios Consello Social UVigo_Humana.

Explica o presidente que estes premios, que chegan á quinta edición, están destinados a recoñecer a labor desenvolvida por persoas físicas, institucións e organizacións non gobernamentais, tanto galegas como internacionais, que teñan destacado pola súa traxectoria en calquera ámbito vencellado coa solidariedade, a cooperación e o voluntariado. O acto de entrega dos recoñecementos farase conxuntamente coa entrega dos mellores TFG-TFM da UVigo en materia de Axenda 2030, responsabilidade social e cooperación.

- ***Asígnase unha aportación de 3.225 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a petición de apoio solicitada pola Escola de Enxeñaría Industrial para promover actividades en colexios e institutos coa Competición de Robots.

A Escola de Enxeñaría Industrial renova a Competición de Robots nas súas instalacións, cun especial empeño en eliminar calquera discriminación por sexo no ámbito tecnolóxico. Dirixida a centros de educación de toda Galicia, a alumnos de Secundaria, Bacharelato, ciclos e ensinos, entre 12 e 17 anos, co obxectivo de fomentar as actividades STEAM nos centros, promocionar as titulacións da escola, desenvolver a curiosidade pola enxeñaría e favorecer a toma de contacto coa UVigo. Aplícase unha redución do 20% sobre a edición anterior.

- ***Asígnase unha axuda de 1.300 €.***



PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para a organización dun seminario sobre a Lei Orgánica de Amnistía, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do campus de Vigo.

Resume o presidente que ten como obxectivo crear un espazo de reflexión e intercambio de ideas sobre a Lei Orgánica 1/2024 de Amnistía para a normalización institucional, política e social de Cataluña; analizar as implicacións e efectos na sociedade; transferir coñecemento ao estudantado e fomentar a participación cidadá. Levarase a cabo no edificio Redeiras, e participarán expertos en Dereito Constitucional, membros da comunidade e veciños.

- ***Apróbase unha aportación de 1.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda sobre o apoio solicitado polo Instituto de Estudos Vigueses para desenvolver un ciclo de conferencias en 2025.

O Instituto prevé realizar un amplo abano de conferencias relacionadas con distintas áreas de coñecemento, así como estudos e rutas culturais guiadas para un mellor coñecemento do Concello de Vigo e a súa contorna. Subliña o presidente que se da apoio á proposta do Instituto de Estudos Vigueses "de xeito excepcional e por última vez", dentro da vocación do Consello Social por favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos cidadáns, afondar na conexión da universidade coa sociedade e fortalecer a formación ao longo da vida.

- ***Apróbase unha aportación excepcional de 675 € para banner e folletos.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada dende o Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, para un congreso de expertos sobre multilingüismo.

A Facultade de Filoloxía e Traducción promove un congreso aberto ao público, para reunir a investigadores no campo lingüístico, avanzar na transferencia de coñecemento e orientar a acción académica ás necesidades sociais. Tamén explorar a complexidade das linguas, incrementar a internacionalización na especialidade e formar alumnado no eido da lingüística.

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 €.***

PUNTO 11

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para fomentar e mellorar a formación en Matemáticas na última etapa de Primaria e primeiros cursos de Educación Secundaria.

Un grupo de profesores da UVigo orientan os traballos a divulgar e fomentar as matemáticas como unha achega comprensible, divertida e atractiva, como disciplina útil para a sociedade. Neste obxectivo, orientado tamén a promover igualdade de xénero e a xerar vocacións, desenvolven esta actividade, dirixida aos estudantes do último ciclo de Educación Primaria e aos primeiros cursos de Secundaria. En virtual pode acceder o público interesado. O presidente advirte que será a última edición que recibirá apoio do Consello Social, por ser xa a sexta con patrocinio.

- ***Apróbase unha axuda de 1.400 €.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para elaborar un estudo socio-lingüístico sobre o portugués arraiano falado en España, a cargo dun equipo investigador da UVigo.

Un grupo de alumnos de Filoloxía Galega da UVigo, participará na recollida de datos para a elaboración dun macroestudo sociolingüístico sobre o portugués arraiano falado en España, en oito concellos fronteirizos onde 6.500 persoas manteñen esta lingua en condicións de vulnerabilidade



extrema. Coordina o traballo o catedrático Xosé-Henrique Costas. O Servizo de Publicacións da UVigo publicará os resultados nun libro en edición bilingüe portugués/español.

- ***Concédesse unha axuda de 1.500 €.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a petición de colaboración co proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", organizado por CINBIO para fomentar vocacións en Secundaria e Bacharelato e amosar traballos de investigación á sociedade.

O Centro de investigación, unha aposta da UVigo polo coñecemento nos ámbitos biomédico e biotecnolóxico, organiza o proxecto "CinVigo. Ciencia na rúa", para achegar o mundo científico á sociedade mediante actividades nas que estudantes de Secundaria e Bacharelato, centros educativos e cidadáns poidan vivir experiencias de ocio e ciencia combinados, e mesmo nas propias rúas da cidade viguesa.

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 € para comunicación e difusión.***

PUNTO 14

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para organizar a Feira EMPREGO in CAMPUS que relaciona a empresas e estudantes de Galicia e o norte de Portugal.

Resume o presidente que o obxectivo é crear un punto de encontro entre a comunidade universitaria (principalmente recentemente titulados) e o mundo empresarial, no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para mellorar a empregabilidade e a inserción laboral, ollar novas oportunidades, saídas profesionais, prácticas académicas, mercados e vías de negocio. Realizarase nos Campus de Ourense e Vigo, co apoio e participación de todas as escolas e facultades. Na edición de 2024 inscribíronse máis de medio milleiro de estudantes e titulados.

- ***Apróbase unha achega de 4.800 €.***

PUNTO 15

Proposta de renovación do servizo externo para o mantemento informático e actualización continua dos contidos escritos e gráficos da web do Consello Social.

Ernesto Pedrosa propón renovar a contratación externa para a actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación e impacto informativo das iniciativas e presenza que desenvolve o Consello Social, de xeito que se poida garantir que a páxina estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, a visibilidade e aos públicos de interese. A maiores, implementouse na web unha zona privada, accesible con identificador e clave, onde se pode localizar a documentación previa a cada reunión, ademais dun repositorio de toda a documentación actual e histórica dende o ano 2018.

- ***Asígnanse 1.900 €+IVE trimestrais durante 2025, e outro pago trimestral de 100 €+IVE.***

PUNTO 16

Informe sobre o Regulamento e a posta en marcha da Canle interna de información e de denuncia da UVigo. (Plan de medidas antifraude).

Como contexto, lembra o presidente que o artigo 47.2.I cita como función do Consello Social "*Velar por el cumplimiento de los principios éticos y de integridad académica, así como de las directrices antifraude, que deben guiar la función docente y la investigación, en colaboración con los organismos y planes de los que, para estos efectos, disponga cada universidad*".



Ernesto Pedrosa engade que o Consello de Goberno da UVigo, en reunión do 20 de decembro de 2024, aprobou no artigo 16 do Regulamento da canle interna de información e denuncias que *"El rector, o la persona que designe, presentará anualmente ante el Consejo Social un informe en el que dará cuenta del número y tipo de informaciones presentadas a través del canal interno, del número de aquellas que fueron rechazadas y sus causas, así como del número de las que fueron objeto de investigación y el resultado de las mismas."*

Sinala que esta canle interna de información convertese no medio para informar sobre accións ou omisións cometidas, dentro do ámbito de actuación e competencias da UVigo, que puideran ser constitutivas de infraccións graves ou moi graves, penais ou administrativas. Este sistema integra tamén a canle de denuncia interna prevista no Plan de medidas antifraude, para recibir información de sospeitas de fraude, corrupción ou conflito de intereses non declarados. A información poderá ser anónima ou identificada, e conta con todas as medidas precisas para garantir a confidencialidade ou o anonimato da persoa informante, para protexela fronte a posibles filtracións.

Polo tanto, consonte as competencias do artigo 47.2.I, reitera o presidente que no Regulamento da canle interna de información e denuncias xa queda recollido internamente na universidade a obriga do reitor de informar anualmente ao Consello Social sobre o número de solicitudes presentadas, e considera que sería bo que o regulamento das Normas de Convivencia (*aprobadas en Claustro Universitario o 18 de abril de 2023*) se modificase cun artigo semellante, no que se informase das actuacións ao Consello Social. Deste xeito quedaría na normativa propia da universidade a obriga de reportar ao Consello Social todas as actuacións relativas ao establecido no artigo 47.2.I, e o Consello Social, con independencia das decisións ou medidas que poida adoptar, de maior ou menor implicación, cumpriría o mandado da LOSU de "velar" para que se cumpran os principios éticos e de integridade académica.

A secretaria xeral da UVigo manifestase a favor de atender a suxestión e incorporar no momento oportuno a mención que se solicita. Respecto da nova canle de información, explica o procedemento e a designación dunha persoa que está xa a fronte. María José Bravo matiza que se trata dunha canle antifraude principalmente, e desvela a provisionalidade das denuncias presentadas ata agora (13), que decaen tan pronto se inicia o expediente de tramitación e se empeza a pedir información.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

O secretario presenta un abanico de datos extraídos das axudas concedidas pola comisión, entre eles que de 2019 a 2024 concedéronse axudas por importe de 1.229.000 euros. Tamén informa que dos 252.000 euros asignados en 2024, 104.000 destináronse a actividades promovidas polas vicerreitorías, e 90.000 a iniciativas para o alumnado. Así mesmo aclara que a dispoñibilidade para 2025 será inferior a exercicios anteriores, como é o caso dos 32.000 euros non gastados no Observatorio e que -por atrancos administrativos dos servizos da UVigo- serán pagados contra a partida de 2025.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 20 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)